

Bos días... e grazas polas oportunidades que GALEUSCA nos permite para coñecernos... bon dia, i gracies per aquest intercanvi i per ser companys de viatge en nous camins.

Egun on denoi...

0.

Cando naceu GALEUSCA, aproximadamente o cincuenta por cento das afiliadas e afiliados de EIE (Euskal Idazleen Elkarte/Asociación de Escritores en Lingua Vasca) non nacéramos aínda. Nas asociacións galega e catalá ocorrerá algo parecido seguramente.

Por tanto, non partimos de cero, e debemos telo ben presente, porque na historia nunca partimos de cero, para cando chega o noso CERO xa houbo anteriormente moitos outros COMEZOS CERO. Quer dicir, que as bases están sentadas. Por sorte, diremos, e dicímolo con orgullo. As nosas son historias de profundas raíces. Mais o tempo erosiona tamén as raíces. Esas raíces necesitan ser reforzadas, adaptadas e renovadas, sobre todo porque as épocas mudan, e porque continuamente nos imos convertendo noutras e noutros NÓS.

Así pois, o camiño xa estaba aberto para cando chegou o noso CERO.

Compartimos preocupacións e dúbidas parecidas. Ese foi o feito que nos uniu no seu momento, o que nos une hoxe en día; e estaría ben que nos unise tamén no futuro. Poderíamos chamalo xenealoxía cultural, ou xenealoxía lingüística, ou, se se prefire, xenealoxía nacional: foron necesarias moitas persoas para que o que HOXE somos e, para que mañá, e tamén pasado mañá, outras sigan sendo, teremos que ser moitas persoas agora.

De como manter as raíces sabemos algo as culturas, linguas e literaturas que nos reunimos hoxe aquí, as representacións dos nosos pobos.

Hai un dito vasco que fai referencia ao testemuño e ao paso do tempo: *Izan ziren, gara, (eta gauzak ondo), garelako, izango dira. (Porque foron, somos, porque somos, serán).*

...porque foron, somos, porque somos, elas e eles serán...

...perquè van ser som, perquè som, elles i ells seran...

1.

POR QUE ESCRIBIDES EN LINGUAS MINORITARIAS ESTANDO RODEADOS DOUTRAS QUE NON O SON E SABENDO QUE SE ESCRIBÍSEDES NELAS PODERÍADES CHEGAR A MOITA MÁIS XENTE?

...Por que?

...Per qué?

Cantas veces respondestes a esta pregunta? Cantas veces vola fixeron? Hoxe aquí ninguén o fará; non teremos que responder, porque sabemos ben por que continuamos escribindo nas nosas linguas; por que escollemos unhas linguas que fan camiño esquivando obstáculos e non esas linguas xigantescas e imperiais con moitos quilómetros de autoestradas sen obstáculos.

NON HOXE...

AVUI, NO.

As persoas que usamos unha linguaxe non hexemónica sabemos perfectamente o que é loitar por un milímetro cadrado, sobrevivir en trincheiras, preservar os nichos vitais das nosas linguas, pór en marcha políticas lingüísticas, ou tomar parte nas loitas para impulsar esas políticas. Dinnos, unha e outra vez, que as existencias das nosas linguas e das nosas literaturas non teñen sentido...

unha e outra vez...

século tras século...

.. e aínda as leis seguen estando na nosa contra. En Euskal Herria, sen irmos máis lonxe, persisten multitude de impedimentos e grandes obstáculos se queres vivir unha vida de 360 graos na túa lingua, en euskera; tamén se queres facer unha vida de 180 graos, lamentabelmente. E aí están aínda as leis vixentes, para que teñamos ben presente o prefixo CO... Co-oficialidade. Unha lingua é oficial e as demais son CO-OFICIAIS...

En euskera escribímolo con K: KO. Como no boxeo, quérennos deixar K.O. (kao), xeración tras xeración... século tras século. Coordinado... cohesionado... coreografado... conservado...

Quer dicir, que só é posíbel unha vida de 360 graos se é en castelán ou en francés. Na Galiza e nos Países Catalans non cremos que as cousas sexan moi diferentes, por desgraza.

2.

Se miramos ao longo e ancho do noso mundo, existen outros moitos casos como o noso. Limitándonos unicamente a Europa, son moitas as linguas e literaturas non hexemónicas ou minoritarias: o galés, o friulano, o occitano, as gaélicas, o frisón, o feroés, o corso, o córnico, o sami, o flamengo, o sardo, o carelio, o groenlandés, o napolitano, o luxemburgués, o siciliano...

.. ou sexa, que non estamos en soidade, porque é o que a miúdo pensamos quen usamos unha linguaxe non hexemónica, ou o que queren que pensemos.

E, nesas condicións, facían literatura.

Facemos literatura.

E, se ninguén/nada o impide, outras e outros continuarán facendo literatura.

Por tanto, hai que dicilo claro: non estamos soas nin sós; o noso é a soidade compartida.

...Non estamos sós, estamos xuntos na nosa soidade...

...No estem sols, estem junts a les nostres soledats.

Mais, sinceramente, como temos os pés ben ancorados na realidade, sabemos perfectamente que neste mundo estridente, poliédrico e por veces caótico, golpéanos acotío unha frase:

Permaneceremos? E como, con quen, cara onde...?

...Permaneceremos? E como permaneceremos?

...Romandrem? I com romandrem?

Somos invisíbeis entre a néboa... aínda que esteamos xusto á beira, non nos ven. Incomódanlles, agrídenlles, as nosas linguas e as nosas literaturas? Non nos ven ou non nos queren ver? E se este fose o noso superpoder? Porque eu si vos vexo...

...Podédesnos ver?

...En pots veure?

Mentres preparábamos este texto que vos estou lendo, atopamos unha frase do fotógrafo Robert Frank, nado en Zúrich:

Ver aquilo que é invisíbel para os demais, iso, é o máis importante.

As outras xentes, os outros colectivos.

...Outros e nós

...Altres i nosaltres.

E QUE se non nos ven? O oxíxeno non se ve... o infinito tampouco...

Apoderémonos na invisibilidade... porque a nosa é unha invisibilidade espectacular.

...A nosa é unha invisibilidade espectacular.

...La nostra és una invisibilitat espectacular.

Moitas Grazas

Moltes Gràcies

Eskerrik asko.